



**A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN
AO CONCELLO DE CATOIRA**

A **Deputación Provincial de Pontevedra**, ven de conceder ao Concello de Catoira, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do **“PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2022-2023)”**, liña 1, unha subvención por importe de **130.901,50 €**, con destino ao financiamento da actuación denominada **“PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CATOIRA 2022”** cun orzamento polo mesmo importe.

A subvención foi concedida mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial, con data do 5 de decembro de 2022, e comunicada á administración municipal con data do 7 de decembro de 2022.

O Concello procederá, en breve, a tramitar o expediente de contratación da citada obra, e o abono da subvención farase tendo en conta as certificacións que se vaian aprobando da mesma.

Catoira, 6 de marzo de 2023.

O ALCALDE-PRESIDENTE
Asdo. Alberto García García.
(Documento asinado dixitalmente á marxe)

